



I ACUATLÓN MENORES CIDADE DE RIBEIRA

ORGANIZA

*Club Natación Ribeira
Concello de Ribeira.
Federación Galega de Triatlón e P.M.*

DATA E LOCALIZACIÓN

*Domingo 6 de Setembro de 2026.
A partir das 12:00 da mañá.
Praia de Coroso, Ribeira*

HORARIO DA PROBA

*11:15 - Apertura Secretaria e entrega de dorsais
11:45 - Apertura Control de material
12:00 - Saída Infantil e Cadete
12:15 - Saída Benxamín e Alevín
Horarios aproximados, poden variar en función da finalización do Cto. Galego de Triatlón.

DISTANCIAS

*Benxamín e Alevín: Natación 150m – Carreira a pé 800m
Infantil e Cadete: Natación 200m – Carreira a pé 1200m*

INSCRICIÓN

Ata o martes 1 de Setembro ás 23:59.

A inscrición realizarase on-line a través da web da Federación Galega de Triatlón e PM www.fegatri.org, no apartado Competicións/Inscricións

CLUBS.- Accederase a través do apartado competicións, picando na pestana Competicións/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

DEPORTISTAS NON FEDERADOS (LICENZA TEMPORAL DE 1 DÍA).- Deberán completar os datos persoais do formulario.

Será imprescindible, para que a inscrición de tramitación de calquera seguro de 1 día sexa válida, enviar:

- A copia do DNI en vigor e o documento de autorización de datos que poden descargar na seguinte ligazón <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non.federados-1.docx> á Federación Galega de Triatlón (fegatriotmail.com) a través da plataforma de inscricións. Custe da licenza temporal de 1 día 6 euros.

Baixas e política de devolucións

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico: fegatri@hotmail.com, antes do fin do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán abonadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición, serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación de listas de inscrición

Publicación de listaxe provisional: o mércores anterior á proba publicarase a lista provisional de persoas inscritas (esta admite reclamacións cando na listaxe dáse algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en prazo que non aparecen dadas na listaxe,...) É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. **Publicación de lista definitiva:** o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e non admite cambios)

NORMAS DE COMPETICIÓN

Proba non competitiva sen cronometraxe. Aos deportistas só se lles entregará dorsal. A proba rexerase polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlon e PM. e Federación Española de Tríatlon.

Saída, Transición e Meta

Praia de Coroso, Ribeira.

Recollida de dorsais

Na carpa da organización de 11:15 a 11:30

Control de material

OBRIGATORIO identificarse con DNI ou documento oficial con foto e acceder con todo o material preparado ás 11:45.

Saídas

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas.

Chegada a meta

Unha vez se pase a liña de meta, deberase ir, sen pararse, á zona próxima de pos meta, e pasarán á zona de avituallamento.

Vestiaros e duchas

No centro de deportes de raqueta.

A ORGANIZACIÓN RESÉRVASE O DEREITO DE FACER MODIFICACIÓNS NO REGULAMENTO SE FOSE PRECISO POLO CORRECTO DESENVOLVEMENTO DA PROBA.